Adam Levin, un artista de selo discográfico Naxos, foi elogiado polo guitarrista americano de renombre, Eliot Fisk, como un “guitarrista virtuoso e un verdadeiro home renacentista do século XXI co brío, a intelixencia, o encanto, a tenacidade e convicción para cambiar o mundo”. Levin interpretou nos Estados Unidos e Europa en escenarios prestixiosos como as salas de concerto Pick Staiger de Chicago e Mayne Stage, o Palazzo Chigi Saracini de Italia, o Isabella Stewart Gardner Museo de Boston e o Jordan Hall, o Museum of Fine Arts de Boston, a Universität für Musik und darstellende Künst de Berlín, o Auditorio Axa de Barcelona, e o Palacio de Godoy de Madrid, o Palacio BBVA do Marqués de Salamanca, e a Sala Manuel de Falla

Levin recibiu numerosos galardones de gran prestixio e foi recoñecido pola Society of American Musicians, a Lake Forest Concerto Competition, Schubert Competition de Minesota, Boston GuitarFest, Concurso Internacional de les Corts para novos intérpretes en Barcelona, Concurso Internazionale Dei Gargnano, e Certámen Internacional Luys Milan de Guitarra en Valencia.

Levin foi artista invitado nunha gran variedade de ciclos de música, incluíndo a Sociedade Española de Guitarra, Veranos de la Villa en Madrid, Amigos de la Guitarra de Valencia, Boston GuitarFest, L’Accademia Musicale Chigiana en Siena, e Festival Pro Música e Cultura en St.Moritz.

Como ávido músico de cámara, Levin interpretou con orquestas, cuartetos de corda e varias combinacións de dúo. Adam e o clarinetista español Cristo Barrios presentan transcricións do repertorio tradicional mentres que encargar novas obras de prestixiosos compositores españois e latinoamericanos. Adam e o violinista William Knuth, como Duo Sonidos, presentan unha interpretación unica de música clásica a un público moi diverso de todo o mundo á vez que expanden o repertorio para o violín e guitarra a través de novos encargos de compositores como Eduardo Morales-Caso, Jan Freidlin, Jorge Variego, Ricardo Llorca, e Boris Gaquere. O primeiro disco do Duo Sonidos saíu ao mercado en outono de 2010 e inclúe obras de Salvador Brotons, Eduardo Morales-Caso, Manuel de Falla, e Astor Piazzolla. En decembro de 2010, Duo Sonidos foi galardonado co primeiro premio do Certámen Internacional Certámen Internacional Luys Milan de Guitarra en Valencia.

O disco do seu debut foi descrito como un disco “cargado de emoción, co que se poderá gozar en calquera ocasión” por Minor 7th Acoustic Guitar Music Reviews. O disco, Music from Out of Time, patrocinado pola Comunidad de Madrid, contén grabacions insólitas de compositores contemporáneos como Eduardo Morales-Caso, Leonardo Balada, Mario Gosalvez-Blanco, David Del Puerto e José María Sánchez Verdú. O seu cuarto disco, Fuego de la Luna, que recompila as obras de guitarra completas de Eduardo Morales-Caso, será publicado en selo Verso. En 2012 comezará a produción dun proxecto de grabación de catro volumes con publicación conxunta con Brotons e Mercadal Edicions Musicals, presentando as 30 obras españolas como parte da investigación de Levin en España.

Como embaixador da guitarra, Levin está disposto a compartir un repertorio único en zonas desfavorecidas e espazos inusuales. En 2005, como parte dun esforzo por recaudar fondos para as vítimas do furacán Katrina, Adam dirixiu o concerto para Gulf-Coast Aid, co que conseguiu recaudar$10,000 en donativos. En 2007-2008 foi premiado coa beca Albert Schweitzer Fellowship, que consistiu en máis de 200 horas de traballo comunitario en zonas escolares de Boston, refuxios, centros de rehabilitación, centros de sobriedade e prisións.

En 2008 Levin recibiu a beca Fullbright no campo da interpretación musical para investigar o repertorio contemporáneo de guitarra española en Madrid. En colaboración coas embaixada americana e española, Levin seguiu realizando interpretacións en Madrid en varias escolas bilingües, co fin de presentar o repertorio de música de guitarra clásica española e americana aos alumnos. En 2009 foi galardonado o Program for Cultural Cooperation Fellowship, que promove o intercambio cultural entre España e os Estados Unidos.

En mayo de 2010, Levin foi galardonado con outra beca, a beca Kate Neal Kinley, coa que puido continuar a súa investigación e interpretación da música contemporánea española en Madrid.

Nacido en North Shore, Chicago, Adam ten duas licenciaturas por Northwestern University en Interpretación Musical, Psicología e Pre-Medicina. Baixo a tutéla de Eliot Fisk, Levin completou un master de New England Conservatory en Boston. Entre os seus estimados profesores atópanse scar Ghiglia, Gabriel Estarellas, Anne Waller, Mark Maxwell, y Paul Henry.

Adam foi profesor de guitarra na Escuela Amadeus de Música en Madrid e actualmente e profesor do conservatorio de Boston.

www.adamlevinguitar.com

ORGANIZA:

Conservatorio de Santiago de Compostela

Vicedirección: Sonia Avilés

Departamento de guitarra: Xosé Antonio Rodríguez
José Manuel Dapena - Tín Novio - Isabel Rei - Carlos Calviño

Rúa Monte dos Postes s/n
15703 Santiago de Compostela
http://www.conservatoriosantiago.gal

Copyright © 2017 Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Conservatorio Santiago de Compostela



CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

# Curso de Guitarra
# Adam Levin

15,16 e 17 marzo 2017

www.conservatoriosantiago.gal

Concerto: Mércores, 15 marzo 2017, 20:15h - Auditorio
Música galega e española para guitarra dedicada a Adam Levin
Obras de Halffter, García-Abril, Morales-Caso
Soutullo, Balada, López Godoy e Brotons

Profesor do conservatorio de Boston, USA.

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura
Educación e Ordenación Universitaria

## CALENDARIO DO CURSO

| | Xoves, 16 marzo 2017 | Venres, 17 marzo 2017 |
|---|---|---|
| 10:15 - 11:00 | | |
| 11:00 - 11:45 | | |
| 11:45 - 12:30 | | |
| 12:30 - 1:15 | | |
| 1:15 - 2:00 | | |
| 4:00 - 4:45 | | |
| 4:45 - 5:30 | | |
| 5:30 - 6:15 | | |
| 6:15 - 7:00 | | |
| 7:30 - 8:15 | | |
| 8:15 - 9:00 | | |

CONCERTO
Mércores, 15 marzo 2017
Auditorio

| | |
|---|---|
| 8:15 - 9:30 | |

## PROGRAMA

I
Fantansía-Sevillana - Joaquín Turina (1882-1949)

Espacio de guitarra * - Cristobal Halffter(1930)

Trimountain * - Anton García-Abril (1933)

Yemanjá Sonata * - Eduardo Morales-Caso (1969)

II

I've got you under my string * - Eduardo Soutullo (1968)
I-IV

Caprichos No.12 -- Leonardo Balada (1933)
Abstractions of "El Amor Brujo" de Falla *
I. Abstractions of "Canción del Fuego Fatuo"
II. Abstractions of "Pantomima"
III. Abstractions of "Danza del Juego de Amor"
IV. Abstractions of "Danza Ritual del Fuego"

Elegía otoñal * - Marc López Godoy (1967)
I. Vuelo de estorninos al atardecer
II. Lluvia al anochecer
III. Hojas al viento

Dues Noves Suggestions * - Salvador Brotons (1959)
I. Siciliana
II. Brasilera

* Dedicadas a Adam Levin

## BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos:

Dirección:

Tlf: Email:

Obras a interpretar no "Curso de guitarra Adam Levin"
2 Clases - 45 minutos

Activo ☐
Oínte ☐

Estudos realizados:

## MATRÍCULA

Activos (alumnado do CMUS): 60 €
Activos (de fóra do CMUS): 80 €
Oíntes: 10 €

O alumnado que participe como activo terá dereito a dúas clases individuais de 45 min e diploma nos días 16 e 17 marzo de 2017, en horario de mañá ou tarde. O departamento de guitarra organizará os horarios do curso e concerto, respectando na medida do posible a dispoñibilidade dos matriculados cun máximo de 10 alumnos activos. Recoméndase facer constar as preferencias horarias no PDF ao enviar o formulario via mail. As prazas adxudicaranse por orde de chegada dos formularios, que deberán vir acompañados do resgardo de pago da matrícula no seguinte número de conta:

IBAN ES04 2080 0348 3030 4001 1278
BIC CAGLESMMVIG

Non se admiten envíos por correo ordinario, só a través do mail que figura nos datos de contacto, onde tamén se pode consultar calquera posible dúbida.
O número de prazas para activos é de 10. A inscrición pecharase o Martes, 14 de marzo de 2017, ou no momento en que se completen as prazas. Non hai límite de prazas para oíntes.
Non se poderá anular a matrícula nin solicitar a devolución do ingreso unha vez efectuado.

## CONTIDOS DO CURSO

Orientado aos alunos de Grao Elemental, Grao Medio e Superior.

## CONTACTO

Departamento de guitarra
Xosé Antonio Rodríguez Álvarez - Móvil: +34 665 262546 - guitarra@conservatoriosantiago.gal

## SECRETARIA

Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela
Rúa Monte dos Postes s/n
15703 Santiago de Compostela
cmus.santiago@edu.xunta.es
Teléfono: +34 981 519 845
Móvil: +34 600 310 023
http://www.conservatoriosantiago.gal